



# CONCELLO DE A CORUÑA

## PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
<b>COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL</b> (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 <b>2724 5245 176M 4057 01U3</b>	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	<b>RMPE140F6Q</b>		
Número/Año	<b>19682/2020</b>		
Dependencia Captura	<b>REGISTRO MARIA PITA</b>		
Usuario Captura/Compulsa	<b>ACM</b>		
Interesado Principal	<b>GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b>		
Representante			
Descripción	<b>Solicitud general</b>		
Páginas	<b>3</b> (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	<b>11/06/2020 13:49:48</b>		
Fecha Captura	<b>11/06/2020 13:50</b>		
Valor CSV	<b>2724 5245 176M 4057 01U3</b>		
Tipo de Firma	<b>PADES LONG TERM</b>		
Estado de Elaboración	<b>Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)</b>		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsión electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (BNG), ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, e por iniciativa do seu portavoz, Francisco Xesús Jorquera Caselas, presenta as seguintes **PREGUNTAS** para a súa **RESPOSTA ESCRITA** no vindeiro Pleno do Concello da Coruña, **sobre as medidas previstas para facilitar o teletraballo**

### **Exposición de motivos**

A crise de saúde pública motivada pola Covid 19, coa conseguinte suspensión, primeiro, das actividades non esenciais e a redución da actividade presencial, puxo de manifesto a necesidade de contar cos medios necesarios para que múltiples tarefas poidan desenvolverse por medios telemáticos.

Porén, no caso concreto do Concello da Coruña, moitas persoas pertencentes ao cadro persoal do Concello que se viron na necesidade de “teletraballar”, tiveron que usar os seus propios equipos e os seus propios servidores de acceso a Internet ante a insuficiencia de medios do Concello.

O propio Goberno Municipal e o conxunto da Corporación é consciente das limitacións existentes e así no denominado PRESCO (Plan de Reactivación Económico e Social da Coruña), respaldado por todos os Grupos Municipais, contéplase unha dotación económica de 840.000 euros para o desenvolvemento dun Programa de Modernización Tecnolóxica e Transición Dixital do Concello da Coruña.



É desexábel que o desenvolvemento deste programa contribúa a facilitar o funcionamento dos órganos colexiados do Concello cando sexa preciso recurrir a vías telemáticas, mellore as comunicacións coa cidadanía a través destas vías e facilite o desenvolvemento do teletraballo resolvendo as situacións antes descritas.

Por todo o devandito, o Grupo Municipal do BNG realiza as seguintes preguntas


### **Preguntas**

- *Cales son os principais obxectivos do Programa de Modernización Tecnolóxica e Transición Dixital do Concello da Coruña, contemplado no PRESCO (Plan de Reactivación Económico e Social da Coruña)?*
- *Ao longo do estado de alarma, cantas persoas pertencentes ao cadro de persoal do Concello desenvolveron as súas tarefas mediante teletraballo?*
- *Cantas persoas seguen na actualidade desenvolvendo as súas tarefas mediante teletraballo?*
- *A cantas destas persoas o Concello proveu de equipos informáticos e da acceso a Internet?*



- *Ten previsto o Concello fornecer de equipos informáticos ao persoal do Concello que desenvolve as súas tarefas mediante teletraballo?*
  
- *En que prazos?*
  
- *Ten previsto o Concello proporcionar acceso a Internet ao persoal do Concello que desenvolve as súas tarefas mediante teletraballo?*
  
- *En que prazos?*

A Coruña, 11 de xuño de 2020



Francisco Xesús Jorquera Caselas  
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

**Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA**